



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZASETE DE MARZO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: Dª. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e corenta e cinco minutos do día dezaseste de marzo de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúñese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29/02/2016).

Dáse conta da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de febreiro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacóns previas.

2.1.- Comunicación previa de obra de Dª. Purificación J. Mogo Rendo. (Expediente 2016/U026/000007)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000007 de comunicación previa de obra promovida por dona Purificación J. Mogo Reboreda para rehabilitación parcial de vivenda, de aproximadamente 55 m², consistente en cambiar o tellado colocando uralita e tella.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000202900NH43C, emprazada en Xián nº 6- San Andrés de Trobe, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta e oito euros con setenta e sete céntimos (#58,77#).

2.2.- Comunicación Previa de Obra de don Rafael Barreiro López. (Expediente 2016/U026/000009)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta do expediente número 2016/U026/000009 de comunicación previa de obra promovido por don Rafael Barreiro López para construcción de cerramento de parcela, de aproximadamente 125 metros de lonxitude, con base de bloques, postes e arame, cunha altura que non superará o 1,80 m e recuando 6 metros do eixe da vía. As actuacións comunicadas levaranxe a cabo sobre da parcela con referencia catastral 15090B50410428, emprazada en Cabanelas nº 5 -San Cristovo de Merín, cun prazo de execución de 1 ano.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo o zócalo de fábrica ir revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Garantir o natural discorrer das augas e respectar as servidumes existentes. Cumprir a distancia de recuamento prevista no vixente PXOM, neste caso de 6 metros do eixo da vía, así coma as alturas declaradas.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cento doce euros con trinta e cinco céntimos (#112,35#).

2.3.- Instancia nú 201600000000085 de dona Vanessa Vila Iglesias. (Expediente 2016/U022/000001)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Miguel de Sarandón solicita licenza para obras de construcción de alpendre en Casanova, 3 – San Miguel de Sarandón (Expediente nº 2016/U022/000001), en solo cualificado como N2-Dos núcleos rurais, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por don Jorge Vales Fernández en calidade de arquitecto, coas seguintes características:

Ocupación máxima total inferior ao 50% da parcela neta e a edificación auxiliar menos do 10%. Núm. plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 3,50 m e un coeficiente máximo de 0,40 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, cun orzamento de 17.950,00.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001500600NH43C.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo achegar compromiso de conexión a servizos e documento de cesión de viais, e as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización a contar dende a data de concesión da licenza.

2º As obras axustaranse á seguintes condicións:

-A parcela ten unha edificación auxiliar que vai ser demolida posto que necesitan a edificabilidade ocupada por esta, para o que solicitaron licenza de demolición que foi concedida pola Xunta de Goberno e núm. 2016/U023/000001 polo que a licenza estará condicionada á demolición previa do alboio existente e achega do certificado final de obra.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



-Construirase de acordo co proxecto presentado.

-Así mesmo, deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista, ordenanza que se aplica, destino da construcción, data da licenza, prazo de execución das obras, nº de plantas autorizadas e núm. de expediente.

3º Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro a cesión de viais nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto núm. U02, de 445,30 m².

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de trescentos cincuenta e nove euros (#359,00#)

2.4.- Instancia núm. 201600000000195 de don Tomás García Antelo. (Expediente prorroga número: 2016/U003/000001)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado con domicilio en Milladoiro- Ames, expón que a Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 26 de febreiro de 2013 concedeulle licenza para a construcción dunha vivenda unifamiliar en Cornado -San Fins de Sales (Expediente número 2012/U008/000025), e dado que por diversos motivos non puido rematar as obras, solicita a concesión dunha prorroga.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle unha prorroga, por un novo prazo de 3 anos para o remate das actuacións obxecto do expediente 2012/U008/000025.

A prorroga concedida entenderase dende a expiración do prazo inicialmente concedido.

2.5.- Comunicación previa de obra de don Adolfo Almazán Nodar. (Expediente 2015/U026/000007)

Dáse conta do expediente número 2015/U026/000007 de comunicación previa de obra promovido por don Adolfo Almazán Nodar para construcción de cerramento, en Manteles de Arriba (Vedra), da que tomou coñecemento a Xunta de Goberno con data do 26 de novembro de 2015.

Dáse conta da comunicación presentada polo solicitante comunicando o orzamento final das obras e a modificación da base do cerre solicitada.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, toma coñecemento das modificacións a acorda aprobar a liquidación do imposto correspondente, tendo en conta o orzamento final achegado e o comunicado inicialmente, resultado unha diferenza a ingresar por parte do interesado de trinta e oito euros con vinte céntimos (#38,20#).

2.6.- Comunicación previa de obra de dona Obdulia María Raviña Pereiro. (Expediente 2016/U026/000008)

Dáse conta do expediente número 2016/U026/000008 de comunicación previa de obra promovido por dona Obdulia María Raviña Pereiro para rehabilitación de edificación consistente en substitución da tella nunha superficie aproximada de 42 m².



As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre da parcela con referencia catastral 000803400NH43E, emprazada en Marzán de Arriba, 6 - Vedra, cun prazo de execución de seis meses.

A Xunta de Goberno:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo manterse a altura da cornixa e do cumio, así coma as pendentes dos faldróns, e empregar tella cerámica.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

3º.- Comunicacións previas de transmisión de titularidade licenzas de apertura.

3.1.- Comunicación previa para transmisión de licenza de actividade.

Vista a comunicación previa presentada por don Manuel Varela Caneda, para transmisión da titularidade da licenza de actividade de *Servizo de alimentación en restaurante*, emprazada na Rúa Alcalde Francisco Carrillo nº 10 -Sata Cruz de Ribadulla, neste termo municipal, denominada comercialmente *Mesón Río Ulla*.

Considerando, segundo manifesta, que non variaron as condicións obxectivas que determinaron, no seu día, a concesión da licenza con data do 30 de marzo de 1983, tendo en conta que se cumplen os requisitos que establece o art. 13 do Regulamento de servizos das corporacións locais de 17 de xuño de 1955.

Visto o disposto polos artigos 24,e) do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e o 41.9 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais do 28 de novembro de 1986, e o disposto no artigo 24.3 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia, a Xunta de Goberno Local,

Primeiro.- Toma coñecemento da transmisión solicitada, sen prexuízo das restantes autorizacións que, de ser o caso, corresponda outorgarlle a outros organismos públicos, sempre e cando non variaran as condicións que, no seu día, determinaron a concesión da licenza.

Segundo.- Aprobar a liquidación das taxas municipais practicada pola Intervención Municipal, que ascenderon á cantidade de cen euros (#100,00#) xa ingresada nas arcas municipais.

Terceiro.- Notifíquese, en forma regulamentaria, ao transmitinte e ao adquirente.

4º.- Acordo sobre declaración responsable para renovar autorización para pór en funcionamento un establecemento dedicado a furancho.

4.1.- Instancia número 34/2016 de Manuel López Carreira.

Dáse conta da declaración responsable, presentada por don Manuel López Carreira, para renovar a autorización concedida para pór en funcionamento un establecemento dedicado a furancho no lugar de Ximonde, 8 (San Miguel de Sarandón).



Vista a documentación que se achega á solicitude e tendo en conta o disposto no Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia a Xunta de Goberno resolve favorablemente sobre a conformidade do declarado e nos termos da documentación presentada, manténdose as condicións do acordo inicial.

O novo período de apertura será do 1 de febreiro ata o 1 de maio de 2016 . Así mesmo darase traslado deste acordo aos órganos competentes en materia de turismo, medio rural e sanidade.

5º.- Aprobación provisional do proxecto do Plan de Sectorización SUND-4 Parque Empresarial de Vedra

Visto o proxecto do Plan de Sectorización que afecta aos terreos incluídos no ámbito do SUND-4. PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA, clasificados como solo urbanizable non delimitado previsto no vixente PXOM, presentado por UTE URBEPLAN-ARC en función do convenio firmado entre propietarios e concello.

Presentado o documento de inicio, este foi remitido ao órgano ambiental competente para que se pronunciase sobre necesidade de Avaliación Ambiental Estratégica (AAE); con data de marzo de 2009 foi remitido o documento de referencia para o procedemento de AAE e polo equipo redactor procedeuse a redactar o preceptivo informe de substentabilidade ambiental incorporándoo ao proxecto presentado para aprobación inicial.

Logo de que foise aprobado inicialmente polo Pleno do concello, con data do 30 de decembro de 2010, o Plan de Sectorización mencionado.

Logo de que foise sometido a información pública por un prazo de 2 meses mediante anuncio no *Diario Oficial de Galicia* número 29, de data 11 de febreiro de 2011, no xornal El Correo Gallego de data 19 de xaneiro de 2011 e no xornal La Voz de Galicia de data 20 de xaneiro de 2011.

Logo de que con data do 17 de xaneiro de 2011 se notificase o trámite de información pública aos propietarios dos terreos afectados a efectos de que emitiran as alegacións pertinentes e aos concellos limítrofes.

Logo de que con data do 14 de xaneiro de 2011 se requiriron os informes, e as consultas do documento de referencia emitido, de DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA, DEMARCACIÓN DE ESTRADAS DO ESTADO, SERVIZO DE PATRIMONIO CULTURAL, AUGAS DE GALICIA, DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA, DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL, DELEGACIÓN DO GOBERNO EN GALICIA, coas conclusións que figuran no expediente.

Logo de que durante o período de información pública, se presentasen as alegacións que figuran na certificación de secretaría, de data 4 de xullo de 2011, que figura no expediente e que foron contestadas polo equipo redactor en informe de data xullo de 2011, que tamén consta no expediente.

Logo de que con data do 5 de outubro de 2015 polo equipo redactor se elaborase a proposta final do Plan de Sectorización do SUND-4. PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA, que foi remitida, xunto coa documentación necesaria, ao órgano ambiental competente con data do 15 de outubro de 2015.



Logo de que con data do 23 de decembro de 2015 se recibise a Resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental pola que se formula a memoria ambiental correspondente.

Logo de emitido polos Servizos Técnicos Municipais informe con data do 16 de marzo de 2016 en sentido favorable.

Considerando canto antecede e de conformidade con el artigo 86.1 d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e co artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local,

A Xunta de Goberno acorda:

PRIMERO. Estimar as alegacións presentadas durante o período de exposición ao público por: Núm. Rexistro entrada: 287/11. Nome e apelidos: Carmen Rey Cerdeira. Núm. Rexistro entrada: 314/11. Nome e apelidos: Ministerio Economía e Facenda, Unidade Rexional do Patrimonio do Estado. Núm. Rexistro entrada: 552/11. Nome e apelidos: Manuel J. Orosa Canabal, en representación de BOGRAO, S.L. Núm. Rexistro entrada: 568/11. Nome e apelidos: Enrique J. Madan Rodríguez, en representación da mercantil BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A, nos termos do informe emitido polo equipo redactor con data do 22 de xullo de 2011 e do informe dos Servizos Técnicos Municipais e, en consecuencia, introducillas no proxecto.

SEGUNDO. Aprobar provisionalmente, nos termos do contido do proxecto de data xaneiro de 2013, o anexo de introdución das consideracións expostas no informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de data marzo de 2014 e o anexo de cumprimento das determinacións da resolución de data 15/12/2015 da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, o Plan de Sectorización dos terreos incluídos no ámbito do SUND-4 PARQUE EMPRESARIAL DE VEDRA, clasificados como solo urbanizable non delimitado previsto no vixente PXOM, coas modificacións resultantes das alegacións formuladas e dos informes emitidos.

TERCEIRO. Remitir o expediente completo á Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio a fin de que, de acordo co artigo 86.1.d) da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, se emita o correspondente informe previo á aprobación definitiva.

CUARTO. Notificar o presente acordo aos interesados e aos que tiveran presentado alegación durante o período de información pública.

6º.- Aprobación inicial de padróns fiscais das taxas municipais do exercicio 2016.

6.1.- Padrón fiscal da *tasa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública* (Ordenanza fiscal núm. 12, BOP núm. 5 do 08/01/2004 e BOP núm. 245 do 26/12/2012).

Dáse conta do expediente instruído para a formación do padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública do ano 2016, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 22 de xaneiro do ano que andamos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no exercicio 2015, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2016, con base no seguinte:

1. O acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 29/02/2016, relativo ao recoñecemento -por delegación do Pleno- do dereito de redución da cota tributaria a 15 contribuíntes acollidos ao disposto no artigo 8.1 da Ordenanza.
2. Os expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núms. 285, 289, 290, 291, 360, 444, 447, 448, 460, 482, 483, 484, 488, 491, 504, 505, 510, 532 e 533 ditadas no ano 2015 e núms. 74 e 75 ditadas no 2016).
3. Os expedientes tramitados, a instancia dos obrigados tributarios, para cambio de epígrafe (resolucións da Alcaldía núms. 450/2015 e 468/2015).
4. O expediente de baixa por non habitabilidade de un inmoble (vivenda) en estado ruinoso, instruído a instancia de parte interesada (resolución da Alcaldía núm. 489/2015, de 2 de decembro).
5. As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 19 altas novas a 1 de xaneiro de 2016, data de vixencia da taxa e de referencia para a formación do padrón (resolución da Alcaldía núm. 62/2016, de data 4 de marzo).

Visto o expediente e as actuacións tributarias realizadas, a Xunta de Goberno acorda:

- 1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por actividades e servizos relacionados coa hixiene pública correspondente ao exercicio 2016 formado con base no exposto.
- 2º.- Remitir ao Boletín Oficial da Provincia e colocar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.
- 6.2.- Padrón fiscal da *taxa por rede de sumidoiros* (Ordenanza fiscal núm. 13, BOP núm. 160 do 14/07/2004).

Dáse conta do expediente instruído para a formación do padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros do ano 2016, en virtude do ordenado pola providencia da Alcaldía de data 7 de xaneiro do ano que andamos.

Dáse conta das alteracións rexistradas respecto do padrón aprobado no exercicio 2015, así como das novas liquidacións efectuadas para a elaboración do padrón do presente exercicio 2016 con base no seguinte:

1. Os expedientes de xestión tributaria tramitados ao longo do período por cambio de titularidade (resolucións da Alcaldía núms. 285/2015, 360/2015, 446/2015, 483/2015,



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



532/2015, 533/2015 e 35/2016) e por cambio de epígrafe (resolución da Alcaldía núm. 450/2015).

2. As actuacións de investigación e comprobación levadas a cabo polos servizos tributarios municipais para determinar de oficio 25 novas altas a 1 de xaneiro de 2016, data de vixencia da taxa e de referencia para a formación do padrón (resolución da Alcaldía núm. 68/2016, de data 7 de marzo).

Visto o expediente e as actuacións tributarias realizadas, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar inicialmente o padrón fiscal da taxa por rede de sumidoiros correspondente ao exercicio 2016 formado con base no exposto.

2º.- Remitir ao Boletín Oficial da Provincia e colocar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello, o edicto anunciando a súa exposición ao público durante o prazo dun mes, para os efectos de notificación colectiva e presentación de reclamacións.

7º.- Facturas varias.

Dáse contas das seguintes facturas:

Número Factura	Data Factura	Importe (€)	Nome Proveedor/Acreedor	Descripción
TV16 1595	23/02/2016	923,48	Ferrva - Herrajes, S.L.	Materiais subministrados para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra (obra rehabilitación nave estación tren Santa Cruz)
011//16	24/02/2016	3.363,72	Reparaciones Sindé , S.L.	Traballos realizados para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra (obra rehabilitación nave estación tren Santa Cruz)
16/00106	25/02/2016	230,00	Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizo de colectores de escombro prestado en febreiro para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra
A/20	25/02/2016	834,72	Garcia Sarandon, S.L.U.	Materiais servidos en xaneiro para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra (rehabilitación nave estación tren Santa Cruz)
1554/2016	19/02/2016	110,00	Ortigueira S.A.	Camelias (20 unidades) subministradas en febreiro para actos da <i>Xornada arredor da Camelia 2016</i>
232	26/02/2016	3.438,69	Vidrieras Compostela, SL	Vidros subministrados para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra (obra rehabilitación nave estación tren Santa Cruz)
027/16	26/02/2016	2.314,13	Angel Brey, S.A.	Traballos de pintura feitos para o obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra (obra rehabilitación nave estación tren Sta.Cruz)
2/2016	29/02/2016	1.750,00	Escola de Musica de Santa Cruz	Achega municipal ás clases de música en Santa Cruz, segundo convenio asinado, mes febreiro
3/2016	29/02/2016	2.469,91	Fermin Gonzalez Blanco, S.L.U.	Informes e xestións urbanísticas municipais e asesoramento en trámites do parque empresarial mes febreiro
4/2016	29/02/2016	2.420,00	Fermin Gonzalez Blanco, S.L.U.	Redacción de memoria para mellora no sistema de baixantes e canles do edificio da Terceira Idade de Vedra
142/16	22/02/2016	304,56	Gamallo Gomez Manuel - Talleres M. Gamallo	Revisión pre-itv e reparacións do vehículo Nissan C6247BF realizadas o 22/02/2016
V 02-2016 266	29/02/2016	4.583,33	Ana Naya Garcia, S.L.	Servizo de xestión da escola infantil municipal (gardería) mes febreiro
156/16	26/02/2016	392,37	Gamallo Gomez Manuel - Talleres M. Gamallo	Revisión pre-itv e reparacións do vehículo Nissan 2445BLH realizadas o 26/02/2016



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com




151216fs000952 1	22/02/2016	46,35	Supervision y Control, S.A.	Inspección periódica obligatoria (ITV) do vehículo C6247BF realizada o 22/02/2016
151216FS001033 6	26/02/2016	46,35	Supervision y Control, S.A.	Inspección periódica obligatoria (ITV) do vehículo 2445BLH realizada o 26/02/2016
7783	24/02/2016	16,30	Leroy Merlin España, SLU	Rolo de cortiza para empregar nas actividades da <i>Xornada arredor da Camelia 2016</i>
1877665	25/02/2016	15,00	El Corte Ingles, S.A. (ECI)	Materiais adquiridos para as actividades da <i>Xornada arredor da Camelia 2016</i>
16/2	29/02/2016	1.685,14	Freiria Suarez Jose Maria	Servizo de limpeza do centro de saúde e das escolas unitarias prestado no mes de febreiro
1453	22/02/2016	2.314,74	Auloce, S.A.U. (Espublico)	Subscrepción anual á plataforma on line <i>Espúblico</i> (editorial, servizos e envíos)
002/2016	26/02/2016	100,00	Xenia Irina Tartari	Monitor do obradoiro de claque dentro do programa de xuventude <i>Posta a punto 2016</i>
16/3	01/03/2016	1.685,14	Freiria Suarez Jose Maria	Servizos de limpeza do centro de saúde e escolas unitarias prestado no mes de novembro de 2015
169/16	25/02/2016	229,90	Grafica de Asturias S.L.	Follas de cartolina din A-4 subministradas o 17/02/2016 para a confección dos diplomas das actividades culturais e para a xuventude
P 600712	21/02/2016	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2015 a marzo/2016 mes febreiro
2016149	01/03/2016	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento da iluminación pública municipal mes febreiro
35000134	29/01/2016	404,67	Fornecementos Galegos, SL (Foga)	Fotocopias realizadas na máquina da planta baixa durante o mes de xaneiro
2	28/02/2016	1.314,87	Suarez Barreiro Pilar	Servizos de atención e mantemento do albergue de peregrinos de Vilanova mes febreiro
1602	29/02/2016	1.000,00	Club Olimpico de Vedra	Achega municipal do mes de febreiro de 2016 segundo convenio de colaboración do 03/03/2015
445	29/02/2016	341,38	Iglesias Rodriguez Juan Carlos - Fontaneria	Traballos de mantemento no CEIP de Sta. Cruz e nos campos de fútbol de S. Mamede e Sta. Cruz en xaneiro e febreiro
045500000316F AC	01/02/2016	14.315,04	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda no fogar para a dependencia mes xaneiro (horas ordinarias e festivas)
944	29/02/2016	32,38	Hierros Diego, S.L.	Tubos galvanizados subministrados en febreiro
56262016680001 65	29/02/2016	45,41	Probisa Productos Bituminosos S.L.U.	Mestura bituminosa en frío subministrada en febreiro
P 600989	29/02/2016	302,50	Editorial Compostela, SA	Publicación de anuncio sobre calendario do evento Xenerais da Ulla no diario <i>El Correo Gallego</i> do 04/02/2016 (con subvención outorgada aos 8 concellos asinantes do protocolo de colaboración para a promoción conxunta do Entroido da Ulla -Xenerais da Ulla)
P 600991	29/02/2016	302,50	Editorial Compostela, SA	Publicación de anuncio sobre calendario do evento Xenerais da Ulla no diario <i>El Correo Gallego</i> do 11/02/2016 (con subvención outorgada aos 8 concello asinantes do protocolo de colaboración para a promoción conxunta do Entroido da Ulla-Xenerais da Ulla)
201613885	03/03/2016	361,44	Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.	Regularización do importe do seguro anual de responsabilidade civil (póliza númera 0960270014371)
1/16	15/01/2016	88,00	Barcala Chedas Montserrat	Obradoiro de bailoterapia para a Terceira Idade período 4T/2015
16F00008	02/03/2016	245,00	Unipeku, S.L.	Curso de estruturas con vimbio vivo desenvolvido no CEIP de Santa Cruz
16-220	29/02/2016	91,41	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo de protección



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			civil 3663HNG subministrado en febreiro
16-221	29/02/2016	59,10 Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo da brigada de obras 8189JCG subministrado en febreiro
16-222	29/02/2016	941,23 Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e outros produtos para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrados en febreiro
16-223	29/02/2016	26,51 Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para a maquinaria da brigada verde subministrada en febreiro
16-224	29/02/2016	49,01 Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo da brigada verde C6142BS subministrado en febreiro
16-225	29/02/2016	59,00 Puente Ulla S.L.	Gasóleo A para o vehículo da brigada de obras C6247BF subministrado en febreiro
16-226	29/02/2016	6,00 Puente Ulla S.L.	Gasolina 95 para o corta céspede do CEIP de Santa Cruz subministrada en febreiro
123312284	20/01/2016	508,03 Allianz Seguros y Rea.,SA	Seguro 8 locais municipais período 13/01-25/08/2016 (biblioteca, antigo xulgado, centros de saúde, casa 3ª Idade, oficina turismo, sede de PC, museo etnográfico)
15/000229	30/11/2015	106,00 M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en novembro/2015 para obra na vía pública en San Fins (na Susana)
15/000230	30/11/2015	187,49 M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en novembro/2015 para obras na vía pública en Vedra (Fontao e Pousada)
15/000231	30/11/2015	25,17 M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en novembro/2015 para mantemento do punto limpo e do CPI de Vedra
16/000023	29/02/2016	47,80 M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para obras de mantemento nos colexios de Vedra e Sta. Cruz e a escola de San Miguel subministrados en febreiro
16/000024	29/02/2016	86,52 M.C. Mapoca, S.L.	Materiais subministrados en febreiro para a Xornada arredor da Camelia 2016, a casa das artes Chouso do Cotiño e outros
4001738238	29/02/2016	489,80 S. E. Correos y Telegrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa mes febreiro
103	06/01/2016	228,00 Aseguradores Agrupados S.A. (asegrup)	Recibo seguro contratado para a Carreira Nocturna Solidaria (do 02/01/2016 ao 03/01/2016)
122107255	13/01/2016	90,90 Allianz Seguros y Rea.,SA	Seguro contratado do 09/01/2016 ao 25/08/2016 para locais estación tren Santa Cruz (póliza núm. 037662093)
124073414	29/01/2016	71,25 Allianz Seguros y Rea.,SA	Recibo de seguro contratado do 25/01/2016 ao 25/08/2016 para o polideportivo municipal (póliza núm. 037662093)
123716468	18/02/2016	484,46 Allianz Seguros y Rea.,SA	Seguro póliza núm. 038434961 contratado do 14/02/2016 ao 14/02/2016 para celebración da VI Ruta BTT da Camelia
2444243	18/02/2016	200,00 Aseguradores Agrupados S.A. (asegrup)	Seguro contratado do 14/02/2016 ao 15/02/2016 para a celebración do II Maratón de Montaña da Camelia
6601046108	01/02/2016	356,40 Helvetia Compañía Suiza, S.A. de Seguros	Seguro contratado do 30/01/2016 ao 29/01/2017 para a grúa e o volquete do vehículo da brigada de obras 8189JCG
05/2016	14/02/2016	932,80 Panaderia Victoria-Jesus Rodriguez Mogo	Produtos subministrados o 14 de febreiro para a celebración da Ruta BTT da Camelia 2016
06/2016	20/02/2016	319,00 Panaderia Victoria-Jesus Rodriguez Mogo	Catering servido o 20/02/2016 para o VII Seminario-Obradoiro Internacional de Avaliación de Materiais Didácticos
298	31/01/2016	900,00 Brea Casal Jose Luis	Chocolate con churros servido para a Carreira Nocturna Solidaria 2016
F30708	16/02/2016	2.703,14 Sport Equipalia, S.L.	Reforma da ventilación da sala fitness e de actividades do polideportivo municipal
93648699	04/03/2016	453,51 Siemens Renting, S.A.	Aluguer da fotocopiadora da planta baixa mes marzo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



16CR00166	29/02/2016	562,65	Corporacion Radio e Television de Galicia, S.A.	Cuñas publicitarias do Entroido (<i>Xenerais da Ulla</i>) emitidas do 1 ao 26/02/2016 na Radio Galega (Con subvención outorgada aos 8 concellos asinantes do protocolo de colaboración para a promoción conxunta do Entroido da Ulla –Xenerais da Ulla)
042-02-00089	29/02/2016	302,50	Radio Popular, SA - Cope	Contrato colaboración para emisión información de todo tipo relativa ao concello de Vedra de feb a dec de 2016 (mes feb)
603/2	02/03/2016	72,60	Alquimao S.L.	Servizo de valos amarelos de sinalización para realización da proba deportiva <i>Ruta BTT da Camelia 2016</i>
603/3	02/03/2016	54,45	Alquimao S.L.	Servizo de valos amarelos de sinalización para realización da <i>Xornada arredor da Camelia 2016</i>
15	01/03/2016	871,20	Silva Fernandez Manuel (Carpinteria M. Silva)	Traballos realizados para o Entroido municipal 2016 e para a <i>Xornada arredor da Camelia 2016</i>
045500000516F AC	01/03/2016	13.349,80	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda no fogar para a dependencia mes febreiro (horas ordinarias e festivas)
045500000616F AC	01/03/2016	3.165,99	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda no fogar mes febreiro (horas de libre concorrenza)
160011PA00084	29/02/2016	500,94	Sociedad Española de Radiodifusión, S.L.	Emisión en xaneiro e febreiro de anuncios do concello de Vedra sobre o evento cultural <i>Xenerais da Ulla 2016</i> (Con subvención outorgada aos 8 concellos asinantes do protocolo de colaboración para a promoción do Entroido da Ulla –Xenerais da Ulla)
2016-052	25/02/2016	2.389,75	Lage Seoane Hugo	Audioguías en galego, castelán e inglés sobre espazos de interese turístico no concello de Vedra
FE16321194618 543	06/02/2016	565,13	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Dozar período 19/12/2015 - 28/01/2016
FE16321194618 547	06/02/2016	492,03	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Ponte Ulla período 22/12/2015 - 28/01/2016
FE16321194618 544	06/02/2016	199,52	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Fufín período 19/12/2015 - 28/01/2016
FE16321194618 545	06/02/2016	518,81	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 22/12/2015 - 28/01/2016 (CUPS ES002200007480452RB1P)
FE16321194618 546	06/02/2016	344,45	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á iluminación pública en Sol período 22/12/2015 - 28/01/2016 (CUPS ES002200004975461QL1P)
T04404	01/02/2016	6,58	Garcia Sarandon, S.L.U.	Produtos para a ludoteca municipal mercados en febreiro
8 Tickets	29/02/2016	91,03	Acredores diversos	Alimentos e outros produtos para o servizo municipal de madrugadores adquiridos en febreiro
D/001	02/03/2016	302,50	Albela Gonzalez Isabel	Traballos de deseño e ilustración realizados para a actividade <i>Estilando Eventos</i>
045500000716F AC	01/02/2016	3.160,99	Clece, S.A.	Prestación do servizo de axuda no fogar mes xaneiro (horas de libre concorrenza)
FE16321196359 543	26/02/2016	473,72	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á casa consistorial período 19/12/2015 - 28/01/2016
9	28/02/2016	165,00	Panaderia Raviña-Susana Raviña Carbria	Pinchos servidos para o acto dos <i>Xenerais da Ulla na Xornada arredor da Camelia 2016</i>
10	29/02/2016	115,50	Panaderia Raviña-Susana Raviña Carbria	Pinchos servidos para a clausura do obradoiro de emprego Boqueixón-Vedra
150000704	29/02/2016	410,57	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	Materiais servidos en febreiro para mantemento de locais, obras da brigada e outros
1	16/02/2016	193,60	Iglesias Cereijo Daniel	Servizo de camareiros prestado para a proba deportiva <i>Ruta BTT da Camelia 2016</i>
69 FACTURAS	04-26-27-	7.909,77	Gas Natural S.U.R.	Subministro á iluminación pública municipal



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



	28/02/2016	SDG, S.A.	período decembro/2015 e xaneiro e febreiro de 2016
23 FACTURAS	26-27-28/02/2016	3.175,02 Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro eléctrico a locais e instalacións municipais período xaneiro e febreiro de 2016
26643	18/02/2016	95,87 Restaurante Villa Verde	Ceas servidas o 18/02/2016 como atención aos relatores participantes na actividade socioeducativa <i>Falemos de Drogas</i>
9	29/02/2016	364,21 Camino Bouzon Miguel Angel	Traballos realizados na gardería municipal no mes de febreiro
I16 000107	29/02/2016	121,00 La Voz de Galicia, S.A.	Concerto de publicidade do concello de Vedra na Voz de Galicia dixital (lavozdegalicia.es) mes febreiro
P16 001246	29/02/2016	300,08 La Voz de Galicia, S.A.	Publicación anuncio expte. urbanístico de X. A. Albela Albela no diario <i>La Voz de Galicia</i> (a repercutir ao interesado)
2016 18	10/03/2016	6.241,48 Acofide 2000 Xestion, S.L.	Contrato de xestión de actividades e mantemento do Polideportivo Municipal de Vedra mes febreiro
15	29/02/2016	112,74 Manuel Gamallo y Otro S.C	Materiais subministrados en febreiro para obras na vía pública en Paradela-San Xián
16	29/02/2016	24,44 Manuel Gamallo y Otro S.C	Discos de rebarbadora subministrados en febreiro para a maquinaria da brigada de obras
16/00193	29/02/2016	692,86 Sapa-Contenedores y Servicios, SL	Servizo de colectores de residuos (escombro, uralita e pneumáticos) prestado en Santa Cruz e no punto limpo en febreiro
C1-16	31/01/2016	573,08 Fundacion Refuxio de Animais	Cota fixa do mes de xaneiro, acollemento de 1 animal neste período e regularización da facturación estimada de dec/2015
C3-16	29/02/2016	641,08 Fundacion Refuxio de Animais	Cota fixa do mes de febreiro e acollemento de 1 animal neste período
151216FS001254 1	10/03/2016	58,60 Supervision y Control, S.A.	Inspección periódica obligatoria (ITV) do camión de recollida do lixo 9047HPG realizada en febreiro
B/100	09/03/2016	150,04 Fundacion Cultural da Estrada - Radio Estrada	Emisión de anuncios do concello de Vedra sobre o evento cultural <i>Xenerais da Ulla 2016</i> (Con subvención outorgada aos 8 concellos asinantes do Protocolo de colaboración para a promoción do Entroido da Ulla-Xenerais da Ulla)
B/101	09/03/2016	72,60 Fundacion Cultural da Estrada - Radio Estrada	Emisión de anuncios do concello de Vedra sobre a <i>Xornada arredor da Camelia 2016</i>
601-KF16-13911	01/03/2016	44,14 Orange Espagne, S.A.U.	Cota mensual do servizo de Internet + Sede Asimétrica a partir de 09/04/2016
WH-213171513441	03/03/2016	14,46 Tecnocratica Centro de Datos, S.L.	Renovación do dominio vedra.es durante un ano (21/03/2016 - 20/03/2017)
696467586	01/03/2016	161,33 Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.	Recibo do seguro contratado para o programa de Voluntariado do 01/03/2016 ao 01/03/2017 (póliza núm. 0550680105010)
198A16	07/03/2016	1.723,04 Extinfer Seguridad, S.L.	Subministro e revisión de 15 extintores e doutros sistemas de seguridade en 8 locais municipais realizados o 01/03/2016
2016/0584	29/02/2016	6.887,30 Sogama S. A.	Tratamento dos residuos urbanos mes febreiro 2016
V00028	29/02/2016	110,76 Frutas Compostela, S.L.	Froita subministrada en febreiro para o Entroido Municipal e a <i>Ruta BTT da Camelia 2016</i>
A16/234	07/03/2016	289,82 Aglomerados Dos R, S.L.	Botes de aglomerado asfáltico envasado en frío subministrados en marzo
A100002573383-0316	01/03/2016	1.118,08 Orange Espagne, S.A.U.	Servizos telefónicos prestados no período do 01/02/2016 ao 29/02/2016
36 2012	04/03/2016	799,74 Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en marzo na nave de Trobe
26 599	01/03/2016	1.117,21 Ulla-Oil S. L.	Gasóleo A para os diversos vehículos



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			municipais subministrado en marzo na nave de Trobe
1161	28/01/2016	1.090,61 Montaxes Electricos Fernandez, S.L.	Traballos en Neira de Arriba e de Abaixo consistentes en apartar postes de iluminación pública por obra ampliación pista
406940 / 1	02/03/2016	1.216,11 Acredores diversos	Gastos guía e comida da excursión da Terceira Idade á Costa da Morte o 02/03/2016 (sufragados coas achegas dos participantes)
0101/E16	29/02/2016	26,44 Talleres San Fins S.L.	Reparación de dúas lámpadas do tractor J. Deere E7264BFN realizada en febreiro
0102/E16	29/02/2016	78,65 Talleres San Fins S.L.	Reparación da rozadora de arrastre lateral realizada en febreiro
0103/E16	29/02/2016	951,30 Talleres San Fins S.L.	Traballos de reparación de bomba e de limpeza de filtro do tractor J. Deere E2564BDT realizados en febreiro
Recibo ref. 20160101	04/01/2016	54,50 DTS, SA (Digital +)	Subscrepción a Movistar+ para a casa da Terceira Idade durante o mes de xaneiro
Recibo ref. 20160201	01/02/2016	56,32 DTS, SA (Digital +)	Subscrepción a Movistar+ para a casa da Terceira Idade durante o mes de febreiro
Recibo ref. 20160301	01/03/2016	56,32 DTS, SA (Digital +)	Subscrepción a Movistar+ para a casa da Terceira Idade durante o mes de marzo
13573	04/02/2016	189,49 Ropa y Calzado Profesional, S.L. (La Bata)	Vestuario para o persoal do servizo municipal de limpeza subministrado en febreiro
1601014263	01/03/2016	242,00 ADIF - Administrador de Infraestructuras Ferroviarias	Aluguer dos locais da estación do tren de Santa Cruz mes marzo
A/59/16	15/03/2016	360,00 A.N. de Agrupaciones de Voluntarios de Protección Civil	Recibo do seguro contratado para os voluntarios de Protección Civil período 13/02/2016-12/02/2017
220005054449	11/01/2016	406,93 Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, S.A.	Recibo do seguro contratado para os locais da estación do tren de Santa Cruz período 09/01/2016-09/01/2017 (póliza 0791270010930)
277-2/16 F	03/02/2016	958,85 Viaqua Gestión Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Traballos de inspección na rede de augas pluviais no lugar de Tomonde realizados o 27/01/2016
Liquidación	06/02/2016	352,94 Carreira Nodar Martín	Actuación musical realizada o día 06/02/2016 no <i>Entroido Municipal</i>
Liquidación		244,06 Membros da Mesa de Contratación Permanente do Concello de Vedra	Indemnización polas reunións mantidas o día 16/03/2016, para a tramitación do expte. de contratación da obra <i>Rehabilitación da fachada do pavillón polideportivo municipal de Vedra</i>
Liquidación		39,00 Crespo Souto Vanessa	Quilometraxe e indemnización por asistencia a xuntanza de Axentes de Emprego da provincia organizada pola Xunta e celebrada en Santiago o 12/02/2016
Liquidación		116,62 Vilas Giadanés Mª Cruz	Quilometraxe, autoestrada e aparcamento por asistencia o día 03/02/2016 a curso de nóminas GINPIX7 na Coruña e o día 12/02/2016 á presentación do programa <i>Rehabilitación vivendas Camiño de Santiago</i>
Liquidación		44,60 Aldrey Pereira Ana Mª	Quilometraxe e aparcamento por asistencia a xornada informativa convocada pola Subdirección Xeral de Dependencia sobre a convocatoria de axudas individuais e celebrada na Coruña o 01/03/2016
Liquidación		90,75 Munín Castelao José Ignacio	Quilometraxe correspondente aos meses de novembro e decembro de 2015 por viaxes realizadas a colexios electorais e xulgados de Santiago e por práctica de notificacións
Liquidación		140,00 Munín Castelao José Ignacio	Quilometraxe correspondente á asistencia ao CEIP de Ortigueira durante os meses de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



			xaneiro e febreiro
Liquidación	219,25	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes febreiro
Liquidación	217,50	Orosa Canicoba Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes febreiro
Liquidación	234,00	Iglesias Parada Carmen	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes febreiro
Liquidación	135,00	Vilaríño Rodríguez M ^a Cristina	Quilometraxe pola prestación do servizo de axuda no fogar mes febreiro
Liquidación	56,25	Carmen A. Sabio Sanz	Quilometraxe do mes de febreiro
Liquidación	257,50	M ^a . Jesús Piñeiro Caldelas	Quilometraxe do 26/12/2015 ao 16/03/2016
Liquidación	453,80	Carlos Martínez Carrillo	Quilometraxe, autoestrada e aparcadoiro de xaneiro ata o 17.03.2016
	1055,68		Fondo social traballadores do concello do 1º trimestre do ano

A Xunta de Goberno, coa abstención da Presidencia nas facturas de Drogería - Ferretería El Sol, S.L, acorda aprobar as citadas facturas.

Dáse conta tamén de seguros contratados a AllianzSeguros y REASEGUROS, S.A correspondentes ao CPI de Vedra, CEIP Ortigueira e Centro Médico de Vedra. Importe 512,54 euros.

8º.- Dar conta de Resolucóns da Alcaldía do mes de febreiro.

Dáse conta das Resolucóns da Alcaldía do mes de febreiro:

Nº Decreto	Data	Asunto
28	02/02/2016	Cumprimento de trienios do persoal municipal
29	02/02/2016	Ampliación intensidade SAF a don D. T. P. e P. G. P.
30	02/02/2016	Expediente limpeza de finca en A Torre-San Xián
31	02/02/2016	Expediente demolición de obras executadas en Quintáns por don Carlos Canicoba Otero
32	08/02/2016	Alta padrón municipal de habitantes de D ^a . Ester Jimenez Jimenez
33	08/02/2016	Solicitud de subvención caldeira de biomasa para locais da escola de música de Santa Cruz
34	10/02/2016	Tramitación urxente factura de T&C Trends, S.L para realización de probas deportivas Ruta BTTe Maratón de Montaña da Camelia 2016
35	10/02/2016	Cambio titularidade recibo taxa recollida de sumidoiros piso sito en vista Alegre nº 14-1º esquerda
36	10/02/2016	Cambio domicilio no padrón municipal de habitantes de don Carlos García Cutrín e dona Adriana Estévez Barros
37	12/02/2016	Autorización corte de viás para o 10º Duatlón escolar de Vedra
38	12/02/2016	Expediente de limpeza de finca en O Sol propiedade dos herdeiros de don Fernando Ríos Penide
39	15/02/2016	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes de don Miguel Ángel Estévez Rey
40	17/02/2016	Autorización licenza de can de compañía
41	17/02/2016	Autorización licenza de can de compañía
42	18/02/2016	Gratificación de tres meses de soldo por xubilación a dona Delia Carreira
43	18/02/2016	Cambio de domicilio de don Juan Peillet
44	22/02/2016	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes de don Victoriano Mella Albela
45	23/02/2016	Arquivo expediente de limpeza de finca propiedade dos herdeiros de don Miguel



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



		Casal Peña
46	23/02/2016	Arquivo de actuacións de limpeza de finca propiedade de don Manuel Vázquez Picón
47	24/02/2016	Aprobación solicitude e proxectos Obradoiro de Emprego Vedra -Boqueixón 2016
48	25/02/2016	Aprobando liquidación do orzamento do exercicio 2015
49	25/02/2016	Licenza para posesión de can perigoso
50	25/02/2016	Aprobando expediente de contratación e prego de cláusulas administrativas para a contratación da obra de <i>rehabilitación da fachada do Pavillón Polideportivo Municipal de Vedra</i>
51	29/02/2016	Reiterando limpeza de fincas no SAU-San Xián propiedade do Banco Pastor
52	29/02/2016	Alta padrón municipal de habitantes de don Alberto Barreiro Rial

A Xunta de Goberno dáse por informada.

9º.- Outros asuntos.

9.1.- Aprobación gastos do Cra Boqueixón -Vedra do exercicio 2015.

Dáse conta da comunicación do Concello de Boqueixón remitindo o balance dos gastos de funcionamento, mantemento, conservación e outros da sede do Cra Boqueixón - Vedra, sita en Lestedo, correspondentes ao ano 2015, que ascenden á cantidade de tres mil seiscentos dezaseis euros con noventa e oito céntimos (#3.616,98#), e solicitando o aboamento do 50% dos mesmos.

A Xunta de Goberno acorda aprobar o citado balance e aboar o cincuenta por cento dos mesmos.

9.2.- Solicitud de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida.

Dáse conta do escrito núm. 285/16 no que don Jesús Zas Sinde, con domicilio en Galegos nº 1- Vilanova, expón que ten unha porcentaxe de minusvalía do 72% que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte normalizado, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento segundo o modelo establecido na Lei 8/1997 e no Decreto 35/2000, que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumplir as normas que regulan a súa expedición.

A Xunta de Goberno acorda acceder ao solicitado.

9.3.- Escrito núm. 291/16 da Asociación Cultural Amigos da Camelia do Val do Ulla.

Dáse conta do citado escrito no que dona M^a. Montserrat de la Fuente Fernández, en calidade de Secretaria da Asociación Cultural Amigos da Camelia do Val do Ulla, solicita a colaboración do concello, a través dunha axuda económica, para sufragar os gastos derivados da organización das XXI Xornadas arredor da Camelia.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda económica por importe de tres mil (#3.000,00# euros).

9.4.- Escrito núm. 120/16 da Asociación de Veciños de Vedra

Dáse conta do citado escrito no que don Joaquín Cerdeira Parada , en representación da Asociación de Veciños Santa Eulalia de Vedra, expón que xunto coa comisión do cemiterio parroquial levouse a cabo unha mellora do peche do cemiterio ao carón da



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



igrexa parroquial, que supuxo un investimento moi superior ao inicialmente previsto, polo que solicita a colaboración económica do concello.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha subvención por importe de mil (#1.000,00#) euros para esa obra.

9.5.- Solicitud de subvención á Axencia Turismo de Galicia.

Dáse conta da Resolución do 17 de febreiro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de subvencións a concellos para o apoio, promoción e difusión ás festas declaradas de interese turístico de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2016 (DOG num. 39/16, do 26 de febreiro).

A Xunta de Goberno acorda solicitar unha subvención para o proxecto de promoción conxunta do entroido dos Xenerais da Ulla por parte dos Concellos de Boqueixon, A Estrada, Santiago, Silleda, Teo, Touro, Vedra e Vila de Cruces.

Conclúe ao fío das catorce horas e cincuenta minutos.